

# Rianxo - ORDENANZA REGULADORA DO PUNTO LIMPO DO CONCELLO DE RIANXO

Publicación provisional : 18-07-2008 BOP Nº 165 -- Publicación definitiva : 27-12-2008 BOP Nº 297  
Redacción Aplicable desde 16-01-2009

## PREÁMBULO

As disposicións contidas na Lei 10/1988, 21 abril de Residuos, modifican o establecido na Lei 7/85 reguladora de Bases de Réxime Local, ó atribuír aos Entes Locais, como servizo obrigatorio, a recollida, transporte e a eliminación dos residuos urbanos. Tamén obriga aos concellos de máis de 5.000 habitantes a impulsar sistemas de recollida selectiva de residuos, que posibiliten o reciclado dos residuos urbanos e outras formas de valorización. O Concello de Rianxo en uso das competencias que lle confire o artigo 25.2.1) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e en relación coas disposicións contidas na Lei 10/1998, de 21 de abril de Residuos, establece a través desta ordenanza a regulación do uso e funcionamento do Punto Limpo do Concello de Rianxo.

## CAPÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

### Artigo 1.- Obxectivo e ámbito de aplicación:

1. A presente ordenanza ten por obxecto regular as actividades relacionadas coa posta en marcha e funcionamento do Punto Limpo do Concello de Rianxo, de modo que se efectúe unha correcta xestión dos residuos sólidos reciclables que pola súa natureza non son obxecto habitual do servizo ordinario da recollida.
2. O Punto Limpo de Rianxo sitúase no monte de Lustres, lugar de A Barraca. O acceso ao mesmo realízase pola estrada C.P. 7202, km. 2 de Rianxo a Burés.
3. Os preceptos da presente ordenanza son de aplicación ao Punto Limpo, as súas instalacións, elementos e mobiliario.
2. A titularidade e competencia do Punto Limpo é municipal e estará regulado de acordo ás disposicións legais e regulamentarias que existen sobre a materia. Para a explotación do mesmo, o Concello poderá acudir a calquera das formas de xestión directa ou indirecta establecidas na lexislación vixente.

### Artigo 2.- Definicións:

Os efectos da presente regulamentación enténdese por:

- 1.- Punto Limpo: recinto cerrado e vixiado que permite aos cidadáns depositar aqueles residuos domiciliarios que pola súa natureza non son obxecto habitual do servizo ordinario de recollida de residuos sólidos urbanos. En ningún caso se trata dun vertedoiro, senón dun lugar onde se almacenan temporalmente os residuos, para ser posteriormente trasladados a xestores autorizados. Os Puntos Limpos constitúen, polo tanto un sistema de recollida selectiva.
- 2.- Residuos reciclables: Aqueles materiais que poden ser reutilizados ou reciclados como materia prima, para que, mediante un proceso, se obteña un produto distinto ou igual ao orixinal. Quedan excluídos os residuos que teñan a consideración de perigosos, de conformidade coa planificación vixente en materia de residuos.  
Nesta instalación recíbense os residuos relacionados no listado de residuos admisibles vixente, previamente seleccionados e entregados de forma voluntaria polos/as cidadáns, os/as cales os depositan nos contedores correspondentes para o seu posterior reciclado, reutilización ou valorización.
- 3.- Provedor/a: persoa natural ou xurídica que fai entrega dos residuos reciclables no Punto Limpo.

### Artigo 3.- Obxectivos:

Os obxectivos principais do Punto Limpo son os seguintes:

1. Servir ós/ás cidadáns como centro de achega voluntaria para a recollida selectiva dos residuos producidos no ámbito domiciliario.
2. Sensibilizar ós/ás cidadáns respecto da separación e da recuperación dos residuos.

3. Aproveitar os materiais contidos nos residuos que son susceptibles dunha reciclaxe directa, conseguindo con elo un aforro enerxético e de materias primas, e reducindo o volume de residuos a eliminar.
4. Separar os residuos xerados nos fogares, especialmente os perigosos cuxa eliminación conxunta co resto dos residuos urbanos representa un risco e contribúe á contaminación do medio ambiente.
5. Evitar o vertido incontrolado de residuos voluminosos que non poden ser eliminados a través dos servizos convencionais de recollida de lixo.
6. Evitar o vertido de entullos e outros no medio natural e urbano do concello de Rianxo.
7. Buscar a mellor solución para cada tipo de residuo co fin de conseguir a máxima valoración dos materiais e o mínimo custe na xestión.

## **Artigo 4.- Responsabilidade**

O Concello de Rianxo adquire a titularidade dos residuos entregados polo/a provedor/a, que destinará á súa eliminación, valoración e/ou reciclaxe.

En relación cos residuos admitidos no Punto Limpo o concello de Rianxo xestionará os mesmos con empresas acreditadas como xestores autorizados. Nos supostos que o Concello o estime conveniente poderá celebrar acordos ou convenios con empresas privadas que por razón da súa magnitude, capacidade técnica e económica resulten beneficiosos para a prestación e xestión do servizo.

## **Artigo 5. Prestación do servizo.**

Para a utilización do Punto Limpo hai que ter en conta:

1. Este tipo de instalacións están destinadas á recepción dos residuos xerados por particulares do Concello de Rianxo.
2. En caso de que o Concello de Rianxo así o estime, estenderá o servizo do Punto Limpo a outros/as potenciais usuarios/as, permitindo a cambio das correspondentes taxas, a entrega de residuos de orixe comercial tendo en conta a capacidade das instalacións e as posibles restriccións impostas pola normativa vixente nesta materia.
3. Deberase achegar os residuos ó Punto Limpo debidamente separados.
4. Para o depósito dos residuos de procedencia comercial, poderá ser esixida a licenza de actividades.
5. Para o depósito de entullos, poderá ser esixida a licenza de obras correspondente.
6. Permitirase o acceso e emprego do Punto Limpo a usuarios/as doutros concellos que non dispoñan deste servizo.
7. Prohíbese a entrada de residuos industriais. As actividades industriais deberán xestionar os seus propios recursos a través de xestores autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.
8. O Concello de Rianxo poderá modificar tanto a cantidade como o tipo de residuos a admitir no Punto Limpo.

## **CAPÍTULO II. DOS RESIDUOS**

### **Artigo 6.- Residuos admisibles no Punto Limpo de Rianxo:**

Admitiranse os seguintes residuos:

- INERTES: Entullos procedentes de obras menores e reparacións domiciliarias
- METÁLICOS: Radiadores, todo tipo de latas, bicicletas e ventás, ferralla
- MADEIRAS: armarios, cadeiras, táboas, camas, etc...
- PAPEL E CARTÓN: embalaxes, xornais, revistas, etc..
- PLÁSTICOS: de orixe doméstico, silos e invernadoiros.
- VIDROS: botellas, botes, tarros e outros recipientes.
- XARDIÑERÍA: residuos procedentes de podas e restos vexetais.
- ACEITES: mineral e vexetal
- LIÑA BRANCA: Frigoríficos (sen gas CFC), lavadoras, cociñas, quentadores de auga, ...
- LIÑA MARRÓN E GRIS: televisores, equipos de música, ordenadores.
- TÉXTIS//VOLUMINOSOS: colchóns, somieres, etc.
- Residuos procedentes da recollida domiciliar realizada polo servizo municipal de obras, parques e xardíns.

O Concello de Rianxo poderá incluír novos residuos ou excluír aqueles residuos que considere da anterior relación.

Ademais recolleranse os seguintes tipos de residuos:

- Aceite usado de automóbil
- Filtros de automóbil
- Baterías de automóbil
- Liña branca: Electrodomésticos (Frigoríficos e conxeladores con gas CFC)
- Pilas
- Espraies
- Radiografías

- Tubos fluorescentes e luminarias de vapor de mercurio e similares.
- Pinturas, disolventes e vernices.
- Productos químicos en pequenos envases

## **Artigo 7.- Residuos non admisibles no Punto Limpo de Rianxo:**

Non se poderán depositar os seguintes residuos:

1. Materiais sen clasificar.
2. Lixo orgánica.
3. Materiais radioactivos, explosivos ou inflamables.
4. Residuos infecciosos, clínicos, biosanitarios e citotóxicos.
5. Pneumáticos.
6. Animais mortos.
7. Residuos agrícolas ou gandeiros (a excepción dos plásticos de silos e invernadoiros).
8. Residuos procedentes de actividades mineiras ou extractivas.
9. Productos procedentes de comisados.
10. Medicamentos e os seus envases.
11. Recipientes voluminosos metálicos ou plásticos de aproximadamente 25 litros ou superiores que contivesen produtos tóxicos ou perigosos.
12. Residuos non identificables in situ.
13. Residuos de orixe industrial.
14. Calquera outro residuo que non se enumere na lista de residuos admisibles.

O Concello de Rianxo poderá incluír novos residuos ou excluír aqueles residuos que considere da anterior relación.

## **Artigo 8.- Cantidades de Residuos admisibles**

Se a capacidade do Punto Limpo se ve comprometida e/ou para evitar a utilización do Punto Limpo como centro de xestión de residuos industriais, o Concello pode establecer, durante o período de tempo imprescindible unha limitación das cantidades admisibles por cada tipo de residuos e por cada usuario/a ó día, do seguinte xeito:

- **INERTES:** Terras e entullos procedentes de obras menores e reparacións domiciliarias .Admitirase un máximo 60 Kg.
- **METÁLICOS:** Aluminio, ferro, cobre, bronce, inoxidables. Ilimitada
- **MADEIRAS:** Armarios, marcos, portas, camas etc. Admitirase 60 Qls ou 1 moble
- **PAPEL E CARTÓN:** Embalaxes, xornais, revistas. Ilimitada
- **PLÁSTICOS Domésticos:** Admitirase un máximo de 25 Qls.
- **PLÁSTICOS de Invernadoiro e Silos:** Máximo de 100 Qls.
- **VIDROS e Cristais varios.** Ilimitada.
- **XARDIÑERÍA:** Restos de poda (non desbroce). Máximo de 1 m3.
- **ACEITES de motor:** Máximo de dez litros
- **ACEITE VEXETAIS:** Ilimitada
- **LIÑA BRANCA:** Electrodomésticos (frigoríficos, lavadoras, conxeladores, etc). Admitirase Un por tipoloxía.
- **TÉXTILES domésticos:** Admitirase un máximo de 25 quilos.
- **VOLUMINOSOS:** Colchóns, somieres, etc. . Admitirase un por tipoloxía
- Residuos procedentes da recollida domiciliar realizada polo servizo municipal de obras, parques e xardíns. Ilimitada

Ademais recolleranse os seguintes tipos de residuos (máximos por entrega e día):

- Filtros de automóbil, máximo 1 Ud.
- Baterías de automóbil, máximo 1 unidade.
- Pilas: Ilimitada.
- Espraies, máximo 10 unidades.
- Radiografías, máximo 5 unidades.
- Tubos fluorescentes, máximo 3 unidades. "
- Pinturas e disolventes, máximo 5 quilos.

Se a capacidade do Punto Limpo se vira comprometida, o Concello pode establecer, durante o período de tempo imprescindible, limitacións para os tipos de residuos que non se limita a súa cantidade a depositar na táboa anterior.

## **CAPÍTULO III. DO USO DAS INSTALACIÓNS**

### **Artigo 9.- Horario e funcionamento:**

O Punto Limpo permanecerá aberto de:

Martes e xoves de 16 a 19 horas.

Sábados de 10 a 14 e de 16 a 18 horas.

O Concello poderá variar este horario en función das necesidades do servizo.

## **Artigo 10.- Condicións de entrega dos residuos:**

Para a recollida de residuos no Punto Limpo, estes deberán entregarse perfectamente separados, nunca mesturados e seguindo unhas normas de presentación, que son as seguintes:

- a. Papel e cartón: as caixas de cartón deberanse abrir e comprimir para reducir o volume dos residuos.
  - b. Vidro, fluorescentes e cristais varios: os residuos de cristais deberán acondicionarse de maneira que se evite a súa rotura e poida ocasionar riscos de seguridade para as persoas encargadas da manipulación dos residuos.
  - c. Os entullos debido á natureza destes residuos, deberanse presentar en sacos ou bolsas de plástico cerradas de 25 Kg como máximo.
  - d. Aceites vexetais, pinturas e vernices presentaranse en garrafas ou botellas de plástico, pechadas para evitar derrames e non mesturándoos con aceites de maquinaria, motores de vehículos ou de características diferentes.
  - e. Plástico: presentaranse libres de restos orgánicos e debidamente pregados para reducir volume.
  - f. Poda e restos vexetais: a lonxitude das polas non excederá dun metro.
  - g. Frigoríficos e electrodomésticos con CFC: entregaranse sen que se produza a rotura do circuíto de refrixeración.
  - h. Baterías de chumbo, cos depósitos que conteñen os ácidos pechados para evitar o seu vertido e o risco de queimaduras dos operarios que manipulen ditos residuos.
- O/A usuario/a deberá depositar os residuos seguindo as instrucións do/a operario/a encargado/a das instalacións, no contedor correspondente ó tipo de residuo que figura inscrito en cada contedor (escombros, plásticos...).

## **Artigo 11.- Recollida domiciliaria:**

O Concello de Rianxo poderá facilitar ós/ás veciños/as a utilización do Punto Limpo, poñendo á súa disposición un servizo de recollida domiciliaria para residuos voluminosos polo que poderá solicitar o pago dunha taxa ou prezo público.

## **Artigo 12.- Prohibicións:**

Quedan prohibidos os seguintes puntos:

1. Depositar residuos non permitidos por este regulamento.
2. Depositar mesturados os diferentes residuos.
3. Depositar residuos fóra do contedor específico.
4. Depositar cantidades de residuos superiores ás admisibles por este regulamento.
5. Ocultar residuos de carácter perigoso dentro de bolsas ou sacos.
6. Abandonar residuos de calquera tipo na porta das instalacións.
7. Fumar dentro das instalacións do Punto Limpo.

Ademais:

- Os/As usuarios/as responsabilizaranse dos danos a terceiros ocasionados nas instalacións
- Respectaranse as sinais viarias de circulación existentes; a velocidade estará limitada dentro do recinto a 15 Km/h.

## **Artigo 13.- Procedemento administrativo para o depósito:**

- 1.- Para que o servizo que se presta no Punto Limpo sexa o correcto, é necesario que os usuarios/as aporten os residuos previamente separados e os depositen nos contedores específicos para cada fracción.
  - 2.- Todas as entregas por parte dos/as usuarios/as serán anotadas polo encargado/a nun Libro de Rexistro para o control interno no que constarán:
    - Identificación completa do usuario/a mediante a exhibición do seu DNI.
    - Natureza dos residuos
  - 3.- Asemade, o/a responsable do Punto Limpo anotará no Libro de Rexistro os seguintes datos:
    - Natureza, destino e data de retirada dos produtos avaliados
    - Incidencias e reclamacións
    - Facturación, de ser precisa
    - Documentación e transporte.
  - 4.- Todos os datos quedan, en todo caso, sometidos ás normas xerais de protección de datos persoais, sen que os mesmos poidan ser utilizados para outros fins que non sexan os propios do servizo.
  - 5.- Regularmente enviarase un informe á Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental no que se dará conta dos datos consignados no Libro de Rexistro.
  - 6.- Antes de proceder ao depósito dos residuos, cada usuario/a deberá declarar no posto de control o contado do que quere entregar, co fin de realizar un control de orientación de vertido e estatístico. O/A responsable do centro, tendo en conta a carga declarada e a lista de residuos admisibles, indicará a súa aceptación ou rexeitamento. Os/As usuarios/as do Punto Limpo deberán seguir as indicacións da/o operaria/o do centro.
- O encargado/a do Punto Limpo supervisará as operacións de depósito dos residuos para comprobar que se depositan de forma axeitada e non se encontran mesturados con residuos tóxicos e

perigosos. Tamén se efectuará unha inspección sistemática e visual en todos aqueles colectores de residuos líquidos.

7.- O usuario/a accederá á zona de acumulación onde depositará os residuos no seu correspondente colector.

8.- Os/As transportistas que realicen os portes dos residuos tamén deberán seguir as indicacións da/o operaria/o do centro, que supervisará os seus labores e recibirá un certificado de que realizaron a recollida dos diferentes residuos e que teñen a licenza para realizar ese traslado.

9.- No Punto Limpo só se poden depositar os residuos mencionados no Cap. II, artigo 6, da presente ordenanza. No caso de ser outros, o seu depósito deberá ser solicitado no Concello.

10.- O/A encargado/a do Punto Limpo poderá rexeitar aqueles residuos que pola súa natureza ou volume non poidan ser admitidos de acordo co presente regulamento.

11.- No caso de resultar que non se efectuara a recollida, se o usuario/a solicitase un lugar de depósito ou tratamento, o Concello poderá recomendar algún.

12.- Os residuos depositados no Punto Limpo pasarán a ser propiedade do Concello de Rianxo.

13.- Antes de que os colectores se atopen cheos de residuos, os/as operarios/as do Punto Limpo darán aviso ós/ás xestores/as ou transportistas designados para a retirada e traslado dos residuos.

14.- As instalacións do Punto Limpo deben permanecer en boas condicións de hixiene e salubridade pública.

## **CAPÍTULO IV. DAS INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

### **Artigo 14.- Infraccións:**

1. Sen prexuízo das infraccións que poda establecer a normativa sectorial específica, constituirá infracción administrativa calquera vulneración ou incumprimento do disposto no presente Regulamento, e clasificaranse en moi graves, graves e leves, de conformidade coa tipificación que se realiza no presente artigo. No non previsto no mesmo, rexerá o Título XI da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, segundo a redacción dada á mesma, pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, e os artigos do 34 ao 38 da Lei 10/1998, do 21 de abril, de Residuos, así coma os demais que resulten aplicables.

2. Serán infraccións moi graves:

- a. O abandono do vertido no Punto Limpo de residuos perigosos non autorizados polo artigo 1 deste Regulamento, así como a mestura das diferentes categorías de residuos perigosos entre si ou, destes cos que non teñan tal consideración e o seu abandono ou vertido no Punto Limpo.
- b. O impedimento do uso do Punto Limpo por outro/a ou outras persoas con dereito á súa utilización.
- c. Os actos de deterioro grave e relevante dos equipos, infraestructuras, instalacións ou elementos do Punto Limpo.
- d. O abandono de residuos perigosos nas inmediacións ou na porta do Punto Limpo.

3. Serán infraccións graves:

- a. A comisión dalgunha das infraccións descritas no apartado anterior (infraccións moi graves) cando pola súa escasa cantidade ou entidade, non merezan ser clasificadas como moi graves.
- b. O abandono de residuos non perigosos, de calquera tipo, nas inmediacións ou na porta do Punto Limpo.

4. Serán infraccións leves:

- a. Depositar calquera outro tipo de residuos que non se encuentre establecido no presente Regulamento.
- b. Depositar mesturados os diferentes residuos.
- c. Depositar residuos fóra do contedor específico.
- d. Depositar cantidades de residuos superiores ás admisibles por este Regulamento.
- e. Calquera infracción do establecido neste Regulamento ou na normativa sectorial específica, cando non estea tipificada como grave ou moi grave.

### **Artigo 15.- Sancións:**

1. As infraccións a que se refire o artigo anterior poderán dar lugar á imposición das seguintes sancións:

- a. Infraccións moi graves: multa de ata 1500 euros
- b. Infraccións graves: multa de ata 750 euros.
- c. Infraccións leves: ata 350 euros.

2. As sancións graduaranse atendendo a:

- a. Grao de intencionalidade
- b. Gravidade do dano producido
- c. Grao de malicia, participación e beneficio obtido
- d. Reincidencia
- e. Perigo para a saúde e integridade das persoas, animais ou bens.

Teranse en conta, igualmente, os criterios contemplados no artigo 140.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, na redacción dada ao mesmo pola Lei 57/2003, de 16 de decembro.

## **Artigo 16.- Obrigacións de repoñer, multas coercitivas e execución subsidiaria:**

1. De conformidade co previsto na Lei 10/1998, de 21 de abril, de Residuos e demais lexislación aplicable, sen prexuízo da sanción administrativa que se impoña, os/as infractores/as estarán obrigados/as á reposición ou restauración das cousas ó seu estado anterior á infracción cometida, na forma e condicións fixadas polo órgano que impuxo a sanción.
2. Se os infractores/as non procederan á reposición ou restauración, de acordo co establecido no apartado anterior, o órgano competente poderá acordar a imposición de multas coercitivas de acordo co disposto nos artigos 99 da Lei 30/1992 de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, e 36 da Lei 10/1998 de 21 de abril de Residuos, unha vez transcorridos os prazos sinalados no requirimento correspondente. A contía de cada unha das multas non superarán un tercio da multa fixada pola infracción cometida.
3. Do mesmo modo, poderá procederse á execución subsidiaria por conta do/a infractor/a e á súa costa.

## **Artigo 17.- Prescrición:**

Conforme ao artigo 132 da lei 30/1992 de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común:

1. As infraccións leves prescribirán aos 6 meses, as graves aos 2 anos e as moi graves aos 3 anos. As sancións impostas por faltas leves prescribirán ao ano, por faltas graves aos 2 anos e por faltas moi graves aos 3 anos.
2. O prazo de prescrición das infraccións comenará a contarse dende o día en que se cometera a infracción. A prescrición interrompirase pola iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, reanudándose o cómputo do prazo de prescrición se o expediente sancionador estivera paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao presunto infractor.
3. O prazo de prescrición das sancións comenará a contarse dende o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola se impón a sanción. Interrumpirá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, volvendo a transcurrir o prazo se o procedemento está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao infractor.

## **Disposición final:**

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicado íntegramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, por remisión do artigo 70.2 da mesma norma xurídica.